

Liceo *Franciscano*

REVISTA DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN



LICEO FRANCISCANO
Núm 217 (julio-diciembre 2021), pp. 85-108

ISSN 0211-4011
e-ISSN 2530-917X
D.L. C755-2003

Teología y Espiritualidad

**A FRATERNIDADE NA ENCÍCLICA
FRATELLI TUTTI: RAICES FRANCISCANAS**

→ Martín Carbajo Núñez, OFM*

* Pontificia Università Antonianum
ISTM, Alfonsianum
FST - University of San Diego (USA)
mcarbajo@sandiego.edu

A FRATERNIDADE NA ENCÍCLICA *FRATELLI TUTTI*: RAÍCES FRANCISCANAS

RESUMEN:

Este artículo estudia el tema de la fraternidad en la encíclica *Fratelli tutti* y señala algunos puntos de encuentro con la perspectiva franciscana. El Papa enseña que "fue el testimonio evangélico de san Francisco, con su escuela de pensamiento, el que dio a este término el significado que ha conservado a lo largo de los siglos". El autor explora estas raíces franciscanas. La clave de lectura está en el encuentro con el necesitado (leproso, herido), que pone de relieve la dignidad de cada persona humana y la necesidad de la amistad social para lograr una vida comunitaria "sana y abierta".

Palabras clave: Fraternidad, Amistad social, Diálogo, Francisco de Asís, Franciscanismo

ABSTRACT:

This article studies the subject of fraternity in the encyclical *Fratelli tutti* and explores its Franciscan roots. The Pope asserts that "it was the evangelical witness of St. Francis, with his school of thought, that gave this term the meaning it then preserved over the centuries." The key to understand it rightly is found in the encounter with the needy (leper, wounded), which brings to light the dignity of each human person and the need for social friendship in order to achieve a "healthy and open" community life.

Keywords: Fraternity, Social friendship, Dialogue, Francis of Assisi, Franciscanism

Recibido/Received: 28/12/2020

Aceptado/Accepted: 23/07/2021

Este artigo estuda o tema da fraternidade na encíclica *Fratelli tutti*¹ e indica algúns puntos de encontro coa perspectiva franciscana.

O Papa recoñece explicitamente que as súas dúas últimas encíclicas están inspiradas en Francisco de Asís, que “sentíase irmán do sol, do mar e do vento” (LS), pero “sabíase aínda máis unido aos que eran da súa propia carne” (FT 2). O Pontífice tamén menciona que “foi o testemuño evanxélico de San Francisco, coa súa escola de pensamento, o que deu a este termo [fraternidade] o significado que conservou ao longo dos séculos”². Intentaremos resaltar estas raíces franciscanas.

O concepto de fraternidade é complexo e pode usarse a diversos niveis (interpersoal, eclesial, universal, cósmico) e con sentidos diferentes. Este termo, coas súas variantes (irmandade, confraternidade), era de uso común na Idade Media para referirse a grupos relixiosos que se dedicaban a actividades piadosas e caritativas. Algunhas asociacións de artesáns e profesionais chamábanse tamén “confraternidades”³. Hoxe séguese utilizando para referirse, por exemplo, a asociacións estudantís⁴ e a outros grupos

¹ Papa Francisco, «*Fratelli tutti*. Carta encíclica sobre a fraternidade e a amizade social», [FT], 3.10.2020), LEV, Cidade do Vaticano 2020. No corpo de texto, citaremos esta encíclica só cos números entre parénteses e faremos nós a tradución ao galego de todos os textos do maxisterio eclesial e das fontes franciscanas. Versión orixinal deste artigo en lingua italiana: *Collectanea Franciscana* 90 (2021).

² Papa Francisco, «A fraternidade, principio regulador da orde económica. Mensaxe á Pontificia Academia de Ciencias Sociais con motivo da sesión plenaria» (24.04.2017), n. 1, en *L'Osservatore Romano*, [OR], 99 (29.04.2017) 7. O dicionario da Real Academia Galega define a fraternidade como “Relación de amizade e solidariedade existente entre irmáns ou entre persoas cando se senten coma irmáns”. <https://academia.gal/diccionario/> (Acceso: 10.12.2020).

³ Cf. Eisenbichler K., *A companion to medieval and early modern confraternities*, Brill, Leiden 2019.

⁴ As organizacións de estudantes universitarios que se identifican como “fraternidades” están moi estendidas nos Estados Unidos e tamén noutros países, como Alemaña. Cf. Torbensohn C.L. – Parks G., *Brothers and sisters: diversity in college fraternities and sororities*, Fairleigh Dickinson Univ. Press, Madison (NJ) 2009.

religiosos⁵, masónicos⁶, etc. No ámbito eclesiástico e, máis concretamente franciscano, aplícase normalmente a unha enteira congregación relixiosa⁷ e a cada unha das súas provincias ou comunidades locais.

A revolución francesa acuñou o lema: "Liberdade, igualdade, fraternidade". A fraternidade queda así ligada á nosa común natureza, á igualdade de dereitos e a un aparente universalismo, pero non supera a dinámica de separación e de enfrontamento tribal. A orde post-revolucionaria abandonou pronto este termo, "ata a súa cancelación do léxico político-económico"⁸.

Na ilustración "a fraternidade universal concíbese esencialmente desde abaixo, desde a igualdade de orixe e natureza de todos os seres humanos. [...] A Revolución Francesa ten como obxectivo o respecto permanente da igualdade natural e da irmandade orixinaria de todos os homes". Con todo, ela "soubou distinguir demasiado drástica e sanguinariamente entre o círculo fraterno dos revolucionarios e a loita externa contra os non revolucionarios"⁹.

Por outra banda, o marxismo exclúe a fraternidade igualitaria no presente e divide a humanidade "en dous grupos radicalmente antitéticos: capital e proletariado. Entre eles existe unha dialéctica hostil que constitúe o ser da historia"¹⁰. A loita de clases resulta inevitable para avanzar cara a unha futura sociedade igualitaria e pacífica.

As últimas encíclicas do Papa Francisco desenvolven o tema da fraternidade desde perspectivas complementarias. A irmandade humana que presenta *FT* forma parte da fraternidade cósmica que promove a encíclica

⁵ Cf. Chinazzi P., *Le confraternite. Storia, evoluzione, diritto*, Ed. Univ. Romane, Roma 2010; Borobio D., *Hermanades y cofradías: entre pasado y futuro*, Centre de Pastoral Litúrgica, Barcelona 2003. En Italia: <http://www.confraternite.it/> (acceso: 2.12.2020).

⁶ Cf. Hall M.P., *Masonic orders of fraternity. The adepts in the western esoteric tradition*, Philosophical Research Society, Los Angeles 1978; Ciuffoletti Z. - Moravia S., *La massoneria: la storia, gli uomini, le idee*, Mondadori, Milano 2010.

⁷ "A Orde dos Irmãos Menores [OFM], fundada por San Francisco de Asís, é unha fraternidade". Orde dos Frades Menores OFM, «Constituciones generales», [CCGG], art. 1, en Id., *Regla, Constituciones Generales y Estatutos Generales de la Orden de los Hermanos Menores*, Curia General OFM, Roma 2010, 59.

⁸ Papa Francisco, «A fraternidade, principio regulador da orde económica», 1

⁹ Ratzinger J., *La fraternidad de los cristianos*, Sígueme, Salamanca 20053, 33-34.

¹⁰ "La humanidad se halla dividida más bien en dos grupos radicalmente antitéticos: capital y proletariado. Entre ellos existe una dialéctica hostil que constituye el ser de la historia". Ratzinger J., *La fraternidad de los cristianos*, 34-35.

*Laudato si'*¹¹, pois na casa común todos os seres humanos estamos relacionados (*FT*) e "todo está relacionado" (*LS*). As dúas encíclicas convidánnos a escoitar tanto o clamor da terra como o clamor dos pobres (*LS* 38), aínda que a *LS* focalízase no primeiro e *FT* no segundo. Ambos os clamores son inseparables e non se pode escoitar un sen atender ao outro.

Na primeira parte deste artigo destácase que Francisco de Asís e a encíclica *FT* ofrecen unha perspectiva trinitaria e cristolóxica do concepto de fraternidade, superando así a forma habitual de entendela na nosa sociedade. A clave de lectura está no encontro cos necesitados (leproso, ferido), que pon de manifesto tanto a dignidade de cada ser humano como a lóxica da gratuidade que debe animar todas as nosas relacións (2ª parte). Necesitamos superar a ideoloxía liberal, que relega as relacións persoais e afectuosas á esfera privada. En efecto, a encíclica *FT* defende que a amizade social é esencial para lograr unha vida comunitaria "saudable e aberta" (3ª parte).

► A DIMENSIÓN TEOLÓXICA E TRANSCENDENTE DA FRATERNIDADE

A palabra "irmán" (*frater*) é unha das máis usadas por Francisco de Asís nos seus escritos, só superada pola de "Señor" ("*Dominus*"). O termo "fraternidade" (*fraternitas*), con todo, aparece só dez veces e sempre referido á Orde en canto tal¹². Francisco, en efecto, prefire evitar as palabras abstractas. El non nos deixou unha definición de "fraternidade", pero certamente deu prioridade ás relacións fraternas sobre os aspectos institucionais da súa forma de vida¹³.

A encíclica *FT* usa o vocábulo "fraternidade" corenta e catro veces, o dobre que a palabra "solidariedade". Xa o Papa Bieito XVI, no capítulo 3 da encíclica *Caritas in veritate*, tiña preferido falar do principio de "fraternida-

¹¹ Papa Francisco, «*Laudato si'*. Carta encíclica sobre o coidado da casa común», [*LS*], (24.05.2015), en *AAS* 107 (2015) 847-945.

¹² Cf. Francisco de Asís, «Regla bulada», [*Rb*], 8,1; 9,2; 12,3, en Rodríguez Herrera I. - Ortega Carmoña A., *Los escritos de San Francisco de Asís*, [*RgzHerrera*], 2ª ed., Espigas, Murcia 2003, 355-403; *Id.*, «Regla no bulada», [*Rnb*], 5,4; 18,2; 19,2 (*RgzHerrera* 411-508); *Id.*, «Testamento», [*Test*], 27.33 (*RgzHerrera* 635-684); *Id.*, «Carta a toda la Orden», [*CtO*], 2 (*RgzHerrera* 292-331).

¹³ Sobre a fraternidade en San Francisco: Uribe F., «La fraternidad en la forma de vida propuesta por Francisco de Asís», en *Selecciones de Franciscanismo* 32 (2003) 236-249; Doyle E., *St. Francis and the Song of Brotherhood and Sisterhood*, The Franciscan Institute, St. Bonaventure (NY) 1997; Salonia G., «Lo frate Francesco. La novitas della fraternità di Francesco d'Assisi», en Torcivia C. (ed.), *La chiesa è una fraternità. Un modo antico e sempre nuovo di vedere la Chiesa e il mondo*, Il pozzo di Giacobbe, Trapani 2014, 91-111.